



# CAMBIO DE TITULARIDADE DO VEHÍCULO

## IMPORTANTE: Antes de solicitar o cambio a titularidade do vehículo deberá:

- **Cancelar** calquera limitación de disposición que tivese inscrita no Rexistro de Bens Móbiles, salvo consentimento expreso da financeira.
- **Aboar** as sancións impostas por infraccións de transportes anotadas no Rexistro de Vehículos.
- **Liquidar o imposto de circulación** do ano anterior.
- **Lembre** que para realizar trámites en todas as xefaturas é necesario **solicitar cita previa**

■ **Solicitud** en impreso oficial (*impreso dispoñible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)*).

■ **Taxa** por importe de 54,00 €, agás ciclomotores 27,00 € (non se admite o pagamento en metálico)

### ■ Identificación dos interesados:

- Persoas físicas: o comprador presentará un documento oficial, orixinal, que acredite a súa identidade e domicilio (DNI, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
- Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e identidade do que firme (*modelo dispoñible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)*).
- Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e documento que acredite o concepto polo que actúan.
- Para identificar o vendedor, abondará a fotocopia dalgún dos documentos consignados. Este requisito de identificación do vendedor non será necesario se previamente se presentou notificación de venda.

### ■ Documentación do vehículo:

- Permiso de circulación se non houbo notificación de venda previa.

### ■ Impostos:

Xustificante do pagamento/exención/non suxeición de imposto de transmisións patrimoniais liquidado na comunidade autónoma da persoa adquirente, salvo que o vendedor sexa un empresario no exercicio da súa actividade, en cuxo caso achegará a factura. *Na CA de Cataluña e a CF de Navarra achegarse o xustificante en todos os casos, salvo para ciclomotores e determinados vehículos de máis de 10 anos de antigüidade, para os que non se obriga a presentar a autoliquidación (non históricos e con valor inferior a 40.000 €).*

*Na CA de Aragón, achegarse o xustificante en todos os casos, salvo para vehículos a motor con máis de 10 anos de antigüidade e que, ademais, teñan menos de 1000 cm<sup>3</sup>.*

### Ademais dos documentos anteriores:

- **Documento acreditativo da transmisión:** en supostos de separación, divorcio ou ruptura do vínculo co titular do vehículo: sentenza, convenio regulador...
- **Vehículos agrícolas:** documento acreditativo da inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola da comunidade autónoma.
- **Certificado de transportes:** se se trata dun autobús ou dun vehículo de transporte de mercadorías cunha MMA superior a 6 toneladas e unha carga que exceda de 3,5 toneladas.

□ **Se se trata de vehículos procedentes de Canarias, Ceuta e Melilla:** certificado de Aduanas que acredite o cumprimento das obrigas tributarias. Para a anotación da importación, aboarase a taxa de 8,40 €.

□ Supostos de **transferencia por falecemento:** presentarse a declaración de herdeiros, ou o testamento acompañado do certificado de últimas vontades, ou o caderno particional en que conste a adxudicación do vehículo, e o imposto de sucesións.

□ En caso de **poxa** ordinaria ou **adxudicación** pola Delegación do Goberno para o Plan Nacional de Drogas, achegarse a acta ou certificado de adxudicación.

□ Xustificante do pagamento/exención do **imposto de matriculación**, nos casos en que o cambio de titularidade de vehículos de autoescola, alugamento sen condutor, taxi, cambio de residencia, que estiveron exentos do pagamento no momento da matriculación se efectúe antes dos prazos legalmente previstos.

□ A existencia de orde de **precinto** impedirá a expedición do permiso de circulación.

**Unha vez efectuado o trámite, expedirase un novo permiso de circulación que unicamente será válido se posúe a ITV en vigor**

**NOTA:** *Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (modelo dispoñible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)).*

*En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.*

Actualizada 08/06/2017